



EXPTE. 2020/G010/000008

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA  
CONCELLO PLENO  
26 DE AGOSTO DE 2020

**Srs./ Sras. Asistentes:**

**Sra. Alcaldesa-Presidenta:**

**Dna. Sandra Insua Rial**

**Sres./Sras. Concelleiros/as:**

**D. Fabián Canosa Pasantes**  
**Dna. Encarnación Liñeiro Pouso**  
**D. Sergio Caamaño Fernández**  
**Dna. Begoña Tajés Méndez**  
**D. Germán Camiño Mouzo**  
**Dna. Lara Pasantes Campaña**  
**Dna. Rosa Ana Barbeira Fandiño**  
**D. Mauricio Auffero Vigo**  
**Dna. Paula Mouzo Mas**  
**Dna. Yolanda Fernández Pájaro**  
**D. Santiago Pose Parga**  
**Dna. Ilva Carril Martínez**

**Escusa a súa asistencia:**

...

**Secretaria:**

**Dna. M<sup>a</sup> Loreto López Fernández**

En Camariñas, sendo as 13:00 horas do día **vinte e seis de agosto de dous mil vinte** e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. Sandra Insua Rial, asistido da Secretaria da Corporación, Dna. M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, asiste á sesión a interventora da Corporación, María E. García Maneiro, ao obxecto de celebrar **sesión extraordinaria**.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, a Sra. Alcaldesa-Presidenta declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendido na Orde do Día que é o seguinte:

**ORDE DO DÍA**

**ÚNICO.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 12/2020, MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO**

Ditame da Comisión Especial de Contas:

**Acta sesión extra. do Concello Pleno 26 de agosto de 2020**

1/3



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Tendo en conta o estado de execución actual do orzamento do ano 2020, orzamento prorrogado do 2019, e considerando que o saldo existente nas aplicacións orzamentarias de servizos sociais e de abastecemento domiciliario de auga potable, son insuficientes para poder afrontar todos os compromisos que poidan xurdir ata o peche do exercicio económico.

Considerando que estes gastos son imprescindibles e necesarios para os cidadáns do Concello de Camariñas.

Visto o disposto nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, nos artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, así coma nas Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Camariñas para o ano 2019, prorrogado para o ano 2020.

Visto o Informe da Intervención municipal de data 13 de agosto de 2020.

### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 12/2020, mediante transferencia de crédito por un importe total de **90.000,00 €** propondo:

INCREMENTAR as aplicacións:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231/22799	Asistencia social/Servizo exterior lei de dependencia	40.000,00 €
161/21000	Abastecemento domiciliario de auga potable/ Reparación, conservación e mantemento da auga	50.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>90.000,00 €</b>

MINORAR as aplicacións:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
338/48000	Festas populares e festexos/Subvencións para festexos populares	18.615,00 €
341/48001	Promoción e fomento do deporte/Subvención actividades deportivas	1.385,00 €
432/22699	Ordenación e promoción turística/Camariñas o Mar Todo	9.000,00 €



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

432/22602	Ordenación e promoción turística/Publicidade	9.000,00 €
334/22609	Promoción Cultural/Actividades culturais	52.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>90.000,00 €</b>

**SEGUNDO.-** Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ao publico o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

**TERCEIRO.-** A modificación de crédito considerárase definitivamente aprobada se durante o período de exposición ao publico non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia dun resumo por capítulos.

**CUARTO.-** Facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Imos transferir de partidas que están sen gastar, 52.000 € de cultura, 9.000 € de promoción de turismo, 9.000 € da feira que había no verán, promoción de deportes 1.300 € e 18.000 € de festas populares, en total suman 90.000 € que van transferidos ao SAF, que tivemos máis persoas debido ao COVID e a auga da Ponte, que hai un gasto impresionante e os ingresos inda van vir para o ano que ven”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas.

**E non sendo outro o obxecto da sesión, a Sra. Alcaldesa procede a levantala, sendo as 13:05 horas do día da data do que como Secretaria dou fe e certifico.**

**A ALCALDESA-PRESIDENTA**

**A SECRETARIA**

**Asd. Sandra Insua Rial**

**Asd. M<sup>a</sup> Loreto López Fernández**